



Novas de Mesía

ENTROIDO

FESTA DO ENTROIDO

Día: Sábado 14 de febreiro, de 16:30 ata ás 19:30 h.

Lugar: Pavillón de Xanceda.

Destinatarios: Todos os nenos/as e adultos que queirades podedes vir pasar unha tarde de Entroido connosco.

Haberá touro mecánico, circuío de bicicletas, fútbolín humano, inchables e talleres de chapas e marionetas.

Animádevos e disfrazádevos! porque todos/as os/as **NENOS/AS** que acudan **DISFRAZADOS/AS** recibirán un agasallo. Pero lembra, só se ves co teu disfraz!

Despois do desfile de disfraces poderedes merendar con chocolate e larpeira.

Inscrición: Recordade que debedes anotarvos na Casa da Cultura antes do 12 de febreiro.

CACHIBOL DE ENTROIDO

Día: Venres 13 de febreiro.

Hora: De 16:30 a 18:00 h.

Lugar: Pavillón de Olas.

Actividade gratuíta e aberta a todo o que queira participar, non só os anotados no cachibol anual.

É aconsellable ir en compañía de fillos, netos ou outros familiares e veciños para que o xogo sexa máis divertido. E **lembrade que debedes vir disfrazados**, xa que estamos no Entroido.

BALNEARIO

SAÍDAS AO BALNEARIO DE GUITIRIZ

Dentro do programa "Deporte é Saúde" ofertamos as saídas ao Balneario de Guitiriz para todas as persoas empadroadas no concello.

Días: Realizaranse unha quenda de catro días de duración durante o mes de marzo. As saídas ao Balneario serán os **venres 6, 13 e 27 de marzo e o 10 de abril**. Esta vez o balneario será en **horario de tarde**. Saída ás 15:00 h. e regreso ás 19:30 aproximadamente.

Observacións: o autobús pasará polas parroquias de Olas, Visantoña, Mesía, Xanceda, Lanzá e Cumbras.

Inscricións e información no Concello.

Prezo: 45 € os 4 días. Días soltos 12 €

Anotarse: No Concello antes do 23 de febreiro.

MULLER

COCIÑA MAN A MAN

Curso de cociña para todas as mulleres interesadas. Neste curso podes traer unha parella masculina, ben sexa marido, noivo, irmán, fillo, pai, etc. Nese caso o custo do curso será o mesmo.

Data e horario:

- Os venres 20 e 27 de febreiro de 16:00 a 18:00 h.

- Os sábados 14 e 21 de marzo de 11:00 a 13:00 h.

Podedes anotarvos os catro días ou ben só os venres ou só os sábados.

Lugar: Cociña da Casa da Cultura de Xanceda.

Prezo: 10 euros dúas sesións.

Características: Trátase dun curso de cociña no que pretendemos favorecer a participación masculina. Neste curso aprenderedes diferentes técnicas e receitas de cociña dun xeito ameno e divertido. ¡Vén e divértete coa túa parella!

Observacións: O curso de cociña realizarase cun mínimo 15 persoas e máximo de 20. Anotádevos na Casa da Cultura antes do 17 de febreiro.

TALLER: O BOTIQUÍN NATURAL

Taller práctico no que se ensinarán pequenos remedios naturais para combater ou aliviar diferentes doenzas.

Explicaranse as propiedades de diferentes plantas medicinais e o xeito de usalas para que resulten beneficiosas.

Día: Sábado 7 de marzo de 10:30 á 13:30 h.

Lugar: Casa da Cultura.

Prezo: 5 €

Observación: Inscricións antes do 28 de febreiro na Casa da Cultura. Mínimo de 12 persoas e máximo de 25.

Imparte: Aloe-ingenieros

IMOS AO TEATRO

Anímate a pasar unha xornada diferente, vén connosco ao teatro!. Iremos ver a obra teatral "EL NOMBRE", unha comedia cunha gran crítica e protagonizada por intérpretes como Amparo Larrañaga ou Antonio Molero. Á saída do teatro haberá tempo libre para picar e tomar algo pola zona.

Día: Venres 17 de abril. Saída ás 19:15 da Casa da Cultura. A obra é as 20.30 h.

No caso de non ir no autobús, avisar no momento de anotarse.

Lugar: Teatro Colón da Coruña.

Prezo: 17 €

Inscricións: Debedes anotarvos antes do **27 de febreiro** na Casa da Cultura para que poidamos reservar entradas para todo o grupo e en butacas próximas.

Esta actividade está dirixida a todos/as os/as interesados/as.

OBRAS PREVISTAS, A DÍA DE HOXE, A REALIZAR NO 2015 CON FONDOS PROPIOS E CON SUBVENCIONS DA DEPUTACION PROVINCIAL E DA XUNTA DE GALICIA

PROXECTO	ORZAMENTO
Camiño Castiñeiras a Xemerás - Albixoi	9.994,88 €
Camiño de Ousende a Quintás - Albixoi	8.474,83 €
Camiño da Fieiteira a Xestosa - Albixoi	22.262,84 €
Camiño Xemerás - Albixoi	12.797,20 €
Camiño na Carballeira - Albixoi	7.772,05 €
Colocación sinais de stop na parroquia de Albixoi	3.506,58 €
Acometida rede distribución auga municipal ramal Bermuí ao Fondo - Bascoi	20.875,48 €
Acometida rede distribución auga municipal ramal as Teixoeiras- Bascoi	42.854,62 €
Camiño na Fonte - Bascoi	9.410,97 €
Camiño da Puebla ao Medio - Bascoi	8.350,87 €
Colocación sinais de stop na parroquia de Bascoi	5.183,64 €
Camiño en Fontorto - Boado	6.503,83 €
Camiño en Barcia - Boado	6.166,34 €
Colocación sinais de stop na parroquia de Boado	2.134,44 €
Camiño de zahorra en Bruma	4.754,26 €
Colocación sinais de stop na parroquia de Bruma	304,92 €
Acometida rede distribución auga municipal ramal a Braña a Picoi - Cabrui	37.177,44 €
Acometida rede distribución auga municipal ramal a Muíño de Xan García - Cabrui	448,21 €
Camiño na Fraga - Cabrui	3.420,21 €
Camiño da Braña ao Vilar - Cabrui	18.646,29 €
Colocación sinais de stop na parroquia de Cabrui	3.659,04 €
Camiño de Receá ao Lago - Castro	9.881,69 €
Colocación sinais de stop na parroquia de Castro	1.219,68 €
Camiño Fontefría ao Castrillón - Cumbraos	14.420,37 €
Colocación sinais de stop na parroquia de Cumbraos	4.116,42 €

PROXECTO	ORZAMENTO
Camiño en Fontelanzá - Lanzá	7.708,69 €
Camiño N-634 á estrada Deputación - Lanzá	18.263,91 €
Colocación sinais de stop na parroquia de Lanzá	1.524,60 €
Camiño da Tilleira a Outeiro - Mesía	10.336,01 €
Camiño en Astrai - Mesía	5.567,03 €
Colocación sinais de stop na parroquia de Mesía	6.250,86 €
Camiño de zahorra en Queiroa de Arriba - Olas	10.935,00 €
Colocación sinais de stop na parroquia de Olas	5.183,64 €
Camiño da Igrexa ao colexio - Visantoña	5.576,65 €
Camiño no Rochiño - Visantoña	6.101,14 €
Colocación sinais de stop na parroquia de Visantoña	6.555,78 €
Vestuarios campo de fútbol - Visantoña	64.993,90 €
Camiño no Beledo - Xanceda	8.211,71 €
Camiño na Braña de Mata - Xanceda	6.582,75 €
Colocación sinais de stop na parroquia de Xanceda	4.421,34 €

Acondicionamento dos arredores e sinalización da Torre-Fortaleza de Mesía e divulgación e sinalización doutros lugares de interese do concello	9.536,00 €
--	------------

Proxectos a definir para reposición da infraestrutura viaria en función das necesidades que xurdan ao longo do ano	50.000,00 €
Obras en materia de urbanismo	15.000,00 €
Infraestruturas deportivas	10.000,00 €

A día de hoxe, o total dos investimentos en obras previstos para executar no 2015 é de **517.086,11 €**

AVISOS


INSPECCIÓN TÉCNICA VEHÍCULOS AGRÍCOLAS E MOTOS

A unidade móbil de Inspección Técnica de **Vehículos Agrícolas** estará os vindeiros **5 e 6 de febreiro na Praza do Concello** e a de **Ciclomotores, Quads e Motos** estará o vindeiro **9 de febreiro no Colexio de Lanzá**. Os interesados en acudir a pasar a revisión deben solicitar cita previa no teléfono: 902 309 000.

EXAMES PARA OBTEN GRADUADO DA ESO

Os interesados en presentarse aos exames para obter o título da ESO poden matricularse entre do 16 ao 27 de marzo para acudir ás probas. O dito exame terá lugar o venres 29 de maio. Máis información no Concello, teléfono 981 687 001.



Concello de Mesía, tfno. 981 687 001
 Servizos Sociais, tfno. 981 687 238
 Casa da Cultura, tfno. 981 687 241
 Web: concellodemesia.es
 [deporte.concellomesia](https://www.facebook.com/deporte.concellomesia)